



**X** ENCONTRO  
de debate sobre o  
MEDIO RURAL  
GALEGO

31 de marzo  
/  
1 e 2 de abril  
2017

Aldea Nova  
Sedes (Narón)

Na procura dun  
**PLAN de EDUCACIÓN**  
específico para o  
**RURAL**



coas mans na terra, empoderando o rural

## PRESENTACIÓN E METODOLOXÍA DO ENCONTRO

Os ENCONTROS DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL GALEGO son unha iniciativa singular de Nova Escola Galega que comeza en 2006, ano a partir do cal se teñen desenvolvido nove edicións, que retoman a xeira doutros catro Encontros realizados nos últimos anos oitenta. Estes foros interdisciplinares pretenden achegarlle ao profesorado, á comunidade educativa e á sociedade no seu conxunto reflexións sobre a historia, a actualidade e o futuro do medio rural galego, con especial atención ao papel que neste medio desenvolven a cultura e a educación, ben desde a propia institución escolar ou ben desde outras iniciativas de carácter socioeducativo e/ou comunitario promovidas por entidades diversas e asociacións do eido cultural. Desde os seus principios esta actividade procurou servir de espazo de encontro e confluencia de diferentes profesionais e colectivos galegos (sobre todo locais) e de fóra de Galiza, para dar a coñecer e impulsar accións a prol dun futuro sustentable para o medio rural, horizonte no que o papel da cultura e da educación adquire unha importancia estratéxica, tal e como afirman distintos organismos internacionais.

A escola rural, se está inserida no seu medio e é permeable á cultura comunitaria, pode ser entendida como un laboratorio pedagóxico capaz de promover experiencias de alto valor profesional para as e os docentes e moi valiosas para as comunidades onde se asenta. No pasado, a escola rural foi entre nós na maior parte dos casos un instrumento de destrución cultural e social e só en escasas ocasións puido ser valorada como referente cultural –ás veces, o único– de primeira magnitude. Cando isto aconteceu púidose falar de escolas comunitarias, xermolo posible do que hoxe se considera un dos patróns pedagóxicos máis ricos: as denominadas “comunidades de aprendizaxe”. Estas experiencias contan coa potencia pedagóxica da propia veciñanza e contribúen á consecución de aprendizaxes significativas e de vivencias que axudan ao desenvolvemento integral das persoas en formación; son experiencias que desenvolven, da man da cultura e nos nosos particulares territorios de convivencia, verdadeiros espazos para a formación permanente ao longo da vida.

Nesta liña de traballo atópase a comunidade veciñal de Sedes, que tenta funcionar coma unha comunidade educativa considerando a toda a veciñanza como suxeito e destinatario da acción socioeducativa. A elección de Aldea Nova como sede deste X Encontro, que nesta ocasión levará por título NA PROCURA DUN PLAN DE EDUCACIÓN ESPECÍFICO PARA O RURAL; pretende poñer en valor o proxecto de desenvolvemento rural no que se inspirou e, ao tempo, ofrecerlle o apoio da comunidade de educadores e educadoras rurais e persoas e colectivos defensores do rural de toda Galiza.

Tamén queremos reflexionar acerca da necesidade de proxectos de escolarización específicos para o rural, a partir dun modelo de escola integrada no medio, na comunidade local e na cultura rural: como é sabido todo proceso de desenvolvemento sociocultural e educativo necesariamente debe poñer o acento na dimensión comunitaria, e moi especialmente cando

se contextualiza no medio rural. O concello de Narón pon en funcionamento nos anos 2007-2008 o parque temático do mundo rural “Aldea Nova”, un proxecto de desenvolvemento rural non produtivo, coa finalidade de que servira de impulso para formar, promover e dinamizar as zonas rurais achegadas ás zonas urbáns, cun obxectivo educacional e socioeconómico.

Neste senso vai tamén a proposta de retomar a pedagogía Freinet, polo seu potencial como modelo educativo ben diferenciado e pola súa validez no actual contexto educativo en ámbitos rurais.

A actividade do Encontro realizarase en horario intensivo o venres 31 de marzo (pola tarde), o sábado 1 (todo o día) e o domingo 2 (só de mañá) de abril de 2017, e ao longo de todas esas horas de convivencia desenvolveranse diferentes propostas formativas (relatorios, mesas abertas, experiencias e boas prácticas educativo-rurais etc.) co seu correspondente espazo de debate e reflexión pedagóxica, pero tamén haberá tempo para analizar a importancia das relacións sociais nun contexto de despoboamento, poñer de manifesto as potencialidades económicas do rural a partir da experiencia de proxectos reais en funcionamento, debater sobre a necesidade de que o profesorado que traballa no medio rural conte cunha formación inicial e continua especializadas nese eido, así como gozar da cultura rural galega a través dalgunhas das súas variadas manifestacións: música da terra e baile, recital de poesía musicada, teatro comunitario, itinerarios e obradoiros didácticos e unha exposición de fotografías antigas e diversos obxectos etnográficos locais.

O *grupo de educación no rural* de NEG convoca pois a profesionais e estudantes dos eidos da educación ou o desenvolvemento rural, familias, ANPAS e calquera persoa preocupada polo futuro do medio rural, a participar nestas xornadas de análise, reflexión e convivencia.

## OBXECTIVOS DO ENCONTRO

- Constituírse como punto de encontro de todas aquelas persoas interesadas polo presente e polo futuro do medio rural galego e da súa educación.
- Ofrecer alternativas de creación cultural, desenvolvemento comunitario, didáctica escolar e planificación educativa, centradas no medio rural.
- Presentar o proxecto de desenvolvemento rural de Aldea Nova como referente sociocomunitario e socioeducativo dentro das zonas galegas próximas á unha cidade.
- Configurar un grupo de acción, que coordine e integre iniciativas xa impulsadas por outros colectivos, que se mobilice e demande da administración autonómica unha mellor atención e coidado da educación na zona rural.
- Análise da situación da escola no medio rural e procura de alternativas encamiñadas á elaboración dun plan específico de educación no rural.
- Poñer en valor o potencial da pedagogía Freinet na procura doutros modelos educativos, adaptados a contextos rurais.

## ACTIVIDADES DO ENCONTRO

### VENRES, 31 DE MARZO DE 2017

#### Bloque I. Alternativas para o mundo rural

- 17:00–17:30 Recollida de material
- 17:30–18:00 Inauguración do Encontro  
Representantes de NEG, , asociación de veciños/as Rosa dos Ventos, Ateneo Aldeán, colectivo Fororuralgalicián, Concello de Narón, CRA de Narón
- 18:00–18:30 Inicio do obradoiro: *Amasar o pan*  
Julia, Fina, Leonardo ou José (veciñas e veciños de Sedes)  
Servirase o café
- 18:30–19:15 Relatorio e debate: *Programas de Desenvolvemento Rural e Grupos de Acción Local Seitura 22: Oportunidades para o rural*  
Antón Martínez Zas (xerente do Grupo de Acción Local Seitura 22)
- 19:15–20:15 Mesa aberta: *O valor económico e cultural do monte*  
Francisco J. Fernández de Ana Magán (presidente da Asociación Forestal de Galicia)  
Julio Aneiros (presidente da Asociación de Propietarios de Montes de Cedeira)
- 20:15–00:00 Continuación do obradoiro: *Enfornar o pan* (con veciñas e veciños de Sedes)  
Descanso para cear  
Recital de poesía musicada a cargo de Susa Yáñez.  
Finalización do obradoiro: *Desenfornar o pan* (con veciñanza de Sedes)  
Repichoca animada polo grupo de música tradicional “Vai Rañala Meu”, acompañado dun grupo de cantareiras e pandereteiras de Sedes

### SÁBADO, 1 DE ABRIL DE 2017

#### Bloque II. O proxecto de Aldea Nova, un referente de desenvolvemento rural

- 10:00–11:00 Relatorio e debate: *As potencialidades educativas e socioeconómicas do proxecto inicial de Aldea Nova*  
Alfonso Filgueira López (pedagogo experto en educación sociocomunitaria e autor do proxecto de desenvolvemento rural de Aldea Nova)
- 11:00–11:30 Relatorios: *Proxecto da comunidade educativa de Sedes nos seus 96 anos de historia.*  
Pilar Pol (mestra)

- 11:30–12:00 Descanso
- 12:00–12:50 Mesa aberta: *Asociacionismo sociocomunitario local: experiencia do grupo de traballo para o desenvolvemento socioeconómico de Sedes*  
Nicolás Vellón Amado (ex-presidente da A. VV. Rosa dos Ventos)  
*Unha experiencia de produción e consumo responsable con asociacións estratégicas no rural en San Sadurniño e Narón*  
Sonia e Fran (representantes de A Nosa Horta)
- 12:50–14:00 Relatorio e debate: *Necesidade dun plan de educación específico para o rural: propostas*  
Representante de ANPAS GALEGAS  
Francisco Xosé Candia Durán (profesor da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo)
- 14:00–16:00 Descanso para xantar

### **Bloque III. Proxectos de educación sociocomunitaria levados a cabo nas Terras de Trasancos**

- 16:00–18:00 Relatorio: *Transcendencia da pedagogía Freinet*  
Antón Costa Rico (profesor freinetiano da USC)  
Relatorio e debate: *Traxectoria dunha experiencia freinetiana na comarca. Valor pedagóxico da correspondencia escolar: Aportacións prácticas*  
Sabela Díaz Regueiro e Teresa Vila Arrojo (movemento Freinet galego)
- 18:00–18:30 Descanso
- 18:30–19:30 Obradoiro: *Posta en práctica dalgunha das técnicas Freinet: asemblea, traballo cooperativo, texto libre e técnicas básicas de impresión*  
Pepi Díaz Villaverde (Movemento Cooperativo de Escola Popular, MCEP de León)
- 19:30–20:30 Presentación de proxectos e debate: *Na procura dun plan específico para a etapa de infantil (cero-seis anos) no rural*  
Alicia López Pardo (mestra) e Alfonso Filgueira López (pedagogo)
- 20:30–22:00 Descanso para cear
- 22:00–00:00 Representación teatral do grupo de teatro comunitario de Sedes  
Repichoca de baile e música galega

## **DOMINGO, 2 DE ABRIL DE 2017**

### **Bloque IV. Iniciativas de ámbito socioeducativo**

- 09:30–10:00 Visita guiada: *Parque temático de desenvolvemento rural Aldea Nova*  
María Beceiro (directora de Aldea Nova), Alfonso Filgueira López (pedagogo)
- 10:00–11:45 Relatorio e debate: *Servizos educativos de comedor e transporte: análise da situación e propostas específicas para o rural*  
Representante de ANPAS GALEGAS  
Representante do grupo de educación no rural de NEG

- 11:45–12:15 Descanso
- 12:15–13:30 Debate para as conclusións, clausura do Encontro e entrega de certificados
- 13:30–14:15 Visita guiada: *Itinerario didáctico da contorna etnográfica, económica antropolóxica-cultural do "Oenach Atlántico" de Sedes*  
Daniel Cánovas Calvo (educador social)

## FICHA TÉCNICA DO ENCONTRO

### X ENCONTRO DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL GALEGO NA PROCURA DUN PLAN DE EDUCACIÓN ESPECÍFICO PARA O RURAL

Coas mans na terra, empoderando o rural

Parque temático do mundo rural "Aldea Nova", Sedes (Narón)  
31 de marzo, 1 e 2 de abril de 2017

**Organizan:** grupo de educación no rural de Nova Escola Galega e Concello de Narón.

**Colaboran:** colectivo Fororuralgalicián, colectivo Ateneo Aldeán de Sedes (Narón), asociación de veciños/as Rosa dos Ventos de Sedes, CRA de Narón, ANPA do CRA de Narón.

**Homologación:** está solicitada como actividade de formación do profesorado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con 15 horas de formación.

**Sede do Encontro:** Parque temático do mundo rural "Aldea Nova", Lagoela s/n, parroquia de Sedes, concello de Narón (A Coruña). Desde a autovía AG-64 (Ferrol - As Pontes - Vilalba) tomar a saída 6 e na rotonda seguir en dirección Valdoviño. Un quilómetro e medio máis adiante seguir as indicacións cara á Aldea Nova. Coordenadas GPS: 43.561667 - 8.132778  
Teléfonos: 608 04 80 31 / 981 36 83 82 [aldeanovagranja@gmail.com](mailto:aldeanovagranja@gmail.com)

**Destinatarias/os:** profesionais e estudantes dos eidos da educación ou do desenvolvemento rural, familias, ANPAS e calquera persoa preocupada polo futuro do medio rural, tanto de Galiza como de fóra.

**Matrícula (ata o 27 de marzo):** socios/as de NEG, 25 €; estudantes e paradas/os 25 €; público en xeral, 35 €. A matrícula dá dereito a un certificado de Nova Escola Galega por 15 horas de asistencia a formación (as prazas son limitadas), sempre que se estea presente a un mínimo do 70 % das actividades ou o equivalente a tres bloques temáticos. A todas as persoas matriculadas que asistan ás actividades do Encontro ofreceráselles gratuitamente o almorzo os días 1 e 2 de abril e os cafés dos descansos. Tamén se lles entregarán na mesa da organización 15 € repartidos en 3 bonos-desconto de 5 €, que serán entregados do seguinte modo: un o venres 31 para a cea dese día, outro o día 1 pola mañá para o xantar e o outro o día 1 pola tarde para a cea. Ademais, as 40 primeiras persoas en matricularse, por orde de inscrición,

poderán aloxarse gratuitamente os días 31 de marzo e 1 de abril de 2017 no albergue de Aldea Nova.

**Inscricións:** enviarase por correo postal (ou electrónico) o formulario (folla de inscrición) cuberto xunto coa copia do ingreso bancario (nº de conta de NEG en ABANCA: ES77 2080 0300 85 3040089500; sinálese claramente nome completo, NIF e concepto “Matrícula Encontro Rural de Sedes, Narón”) a: NOVA ESCOLA GALEGA - Rúa das Hedras, 4-2ºO - 15895 Novo Milladoiro, Ames (A Coruña) - Telf./Fax: 981-562577 - [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)

**Aloxamento:**

0 € por cama en liteira no albergue de Aldea Nova para as primeiras 40 persoas en matricularse. As habitacións teñen catro camas cada unha, repartidas en dúas liteiras, con dous armarios pequenos con compartimentos separados. Hai sabas e mantas nórdicas, pero quen sexa un pouco friorento/a que leve un saco de durmir.

**Comidas:**

Prezos en Aldea Nova para as persoas matriculadas no Encontro: almorzo 0 €, xantar 4 €, cea 4 € e os cafés dos descansos 0 €.

Prezos en Aldea Nova para as persoas non matriculadas no Encontro: almorzo 3 €, xantar 9 €, cea 9 € e os cafés dos descansos 0 €

**Desprazamento:** as persoas que desexen ofrecer prazas no seu vehículo, ou as que precisen praza para viaxar ata Aldea Nova, que se poñan en contacto con [alpezalbn@yahoo.com](mailto:alpezalbn@yahoo.com), indicando as súas circunstancias, teléfono, correo-e e desde onde viaxan. A organización ofreceralles, de ser o caso, e o antes posible, unha alternativa para reducir os gastos de desprazamento. Por suposto, queda da man de cada participante acordar cos seus/súas acompañantes o reparto dos gastos da viaxe.

**Máis información en:** [www.neg.gal](http://www.neg.gal)

**"Arranxo potas e paraugas  
e navallas e coitelos  
arranxo desexos e soños  
e arranxo tamen pesadelos"**

**Anton Cortizas  
"A merla de trapo"**

Organizan



**(9) NOVA  
ESCOLA  
GALEGA**



Colaboran



[www.neg.gal](http://www.neg.gal)

Colectivo

-Ateneo Aldeán de Sedes  
-Foro Rural galicián  
ANPA do CRA de Narón